



PAMBRE, REMONDE E MÁCARA. POR TERRAS DO ULLA

Club de Montaña O Carroucho

10 de Setembro de 2016

Comezamos a ruta na aldea de Sambreixo, baixamos a estrada dende o punto onde se atopan o cruceiro e un peto de ánimas pola estrada LU-P-4001 na que nos deixa o bus e collemos á dereita cara a Pambre. A ruta lévanos por unha pista sen asfaltar que atravesa os soutos e nos achega ao castelo. Nalgúns tramos aprécianse todavía os antigos adoquis dun antigo camiño real.

Continuamos a ruta polos soutos ata o balneario de Frádegas, á beira do río Ulla. Na marxe esquerda podemos ver o antigo balneario, de menos de 50 anos, pero totalmente abandonado. Os teitos están en mal estado pero aprécianse dúas billas de augas sulfurosas activas.



Na marxe dereita do río atópase o refuxo de pescadores da zona da Ulloa. Desde aquí parte o camiño que percorreremos río abaixo para gozar das pozas e os rápidos que constitúen as torrentes de Mácara. Antes de emprender o camiño, podemos facer un pequeno desvío e subir douscentos metros pola marxe esquerda do río para ver unha das rozas máis longas do entorno, a roza e o dique de pedra construído para embalsar a auga.

O camiño das torrentes é inequívoco pero ten varios pasos con dificultade, polo que teremos que ter cuidado. O percorrido prolóngase un par de horas. Chegamos, finalmente, á zona inferior onde se atopa unha zona de aparcadoiro nun souto que deixamos atrás e

Datos Básicos

Comezo:	Sanbreixo
Remate:	Sanbreixo
Distancia lineal:	18 km.
Duración aprox.:	6 horas
Dificultade:	Baixa
Altura máxima:	492 m
Altura mínima:	347 m
Acumul.:	↗504 m / ↘504 m


se nunha parte un antigo alxibe. É limpado periódicamente por voluntarios da asociación "Eira da Xoana", ás veces co apoio do concello, e téñense feito catas arqueolóxicas para valorar a súa importancia.



O camiño do castro baixa rodeando o Castelo de Pambre, que está en proceso de restauración, respecto ás fotos dos anos 70 atópase máis limpo de maleza pero non está aberto ao público de momento. Finalmente tomamos o camiño de Sanbreixo, que no tramo final pode coincidir co de ida, ou tomamos pola variante de Vila-riño, na que temos que atravesar dous prados, para saír na mesma estrada LU-P-4001 de novo a Sambreixo. Pararemos en Melide para unha cervexa.

alcanzamos un tramo de douscentos metros da estrada LU-P-4008 que percorrermos ata enlazar coa seguinte pista, camiño de Remesedo, para ver o mirador chamado do castelo.

Dende as penas do castelo, chamadas así pero sin restos de ningún tipo, temos unha boa vista de todo o val. Continuamos camiñando ata o castro de Remonde, O castro está pendente de excavar, pero poden distinguirse a zona da croa e a interior con certa claridade. Identificou-



Próxima cita:
1 Outubro
Viveiro-O Vicedo



www.carroucho.org